

MEMORIA DO
SEMINADRIO
O2106086
(PFPP-O2131056)

Diferentes formas de comunicación para a inclusión II

CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro
Ourense

ÍNDICE

- 1 CARACTERÍSTICAS DO CONTEXTO NO QUE SE DESENVOLVEU O SEMINARIO.
- 2 VARIACIÓNS INTRODUCIDAS RESPECTO DO PROXECTO INICIAL
- 3 CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS
 - 3.1 OBXECTIVOS PROPOSTOS
 - 3.2 OBXECTIVOS ACADADOS
- 4 CONTIDOS DESENVOLVIDOS E ACTIVIDADES REALIZADAS
 - 4.1 Contidos desenvolvidos
 - 4.2 Actividades realizadas
- 5 METODOLOXÍA
- 6 ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS HUANOS E MATERIAIS.
- 7 TEMPORALIZACIÓN
- 8 CRITERIOS E PROCESOS DE AVALIACIÓN EMPREGADOS
 - 8.1 Avaliación conxunta.
 - 8.2 Avaliación individualizada.
- 9 CONCLUSIÓNS LOGROS E INCIDENCIAS NO CENTRO.
- 10 RELACIÓN DETALLADA DE MATERIAIS DIDÁCTICOS E DOCUMENTOS QUE SE ENTREGAN

1 - CARACTERÍSTICAS DO CONTEXTO NO QUE SE DESENVOLVEU O SEMINARIO

O profesorado que participou no seminario é consciente da importancia de implementar e coñecer diferentes formas de comunicación, xa que a comunicación e a linguaxe son esenciais para todo ser humano, para relacionarse cos demais, para aprender, para gozar e para participar na sociedade e hoxe en día, grazas a estes sistemas, non deben verse freados por mor das dificultades na linguaxe oral. Por esta razón, todas as persoas, xa sexan nenos, novos, adultos ou anciáns, que por calquera causa non adquiriron ou perderon un nivel de fala suficiente para comunicarse de forma satisfactoria, necesitan usar un SAAC.

Os Sistemas Aumentativos e Alternativos de Comunicación (SAAC) non son incompatibles senón complementarios á rehabilitación da fala natural, e ademais poden axudar ao éxito da mesma cando esta non é posible. Non debe pois dubidarse en introducila a idades temperás, xa que non inhibe ou interfere no desenvolvemento ou a recuperación da fala.

A Comunicación Aumentativa e Alternativa inclúe diversos sistemas de símbolos, tanto gráficos (fotografías, debuxos, pictogramas, palabras ou letras) como xestuais (mímica, xestos ou signos manuais) e, no caso dos primeiros, require tamén o uso de produtos de apoio. Os diversos sistemas de símbolos adáptanse ás necesidades de persoas con idades e habilidades motrices, cognitivas e lingüísticas moi dispares.

Os produtos de apoio para a comunicación inclúen recursos tecnolóxicos, como os comunicadores de fala artificial ou os computadores persoais e tablets con programas especiais (Grid 3), que permiten diferentes formas de acceso adaptadas algunhas para persoas con mobilidade moi reducida, e facilitan tamén a incorporación dos diferentes sistemas de signos pictográficos e ortográficos, así como diferentes formas de saída incluíndo a saída de voz. Tamén poden consistir en recursos non tecnolóxicos, como os taboleiros e os libros de comunicación.

Neste seminario decidimos iniciar o coñecemento do Grid 3 xa que é un programa sumamente versátil, capaz de adaptarse ás necesidades de acceso de

calquera alumno, facilitando ademais a comunicación coa contorna familiar ou social a través do teléfono, Internet ou as redes sociais. Debemos mencionar o seu elevado custo, o que nos leva a probar, aprender e valorar se o alumno pode satisfacer as súas necesidades de comunicación doutras maneiras.

O ensino dos SAAC debe comezar canto antes xa que o seu uso pode favorecer a aparición do fala, ademais de potenciar o desenvolvemento de funcións lingüísticas, como realizar peticións, solicitar axuda, expresar rexeitamento, etc.

Con iso, lograse reducir a aparición da frustración e, por tanto, diminuíranse condutas distorsionantes.

O emprego dos SAAC permite á súa vez favorecer a autonomía e o desenvolvemento da aprendizaxe.

Participamos no Seminario un total de 8 mestres e mestras do Claustro. Unha das persoas estivo de baixa en varias sesións pero participou activamente no desenvolvemento do seminario.

As reunións celebráronse no CEIP Manuel Sueiro de Ourense, seguindo a temporalización proposta no proxecto inicial en horario de tarde.

De xeito habitual, en todas as reunións traballábase sobre a orde do día prevista e, ao rematar, propúñanse tarefas para preparar a seguinte sesión. A realización da maioría das actividades tivo unha duración superior a reflectida nas sesións de traballo do Seminario.

Os materiais, traballos e actividades realizadas no Seminario, leváronse á práctica co alumnado para quen foron deseñadas.

Todo o proxecto de formación xirou sobre a utilización das SAAC e da metodoloxía TEACCH, na aula e no centro, e da súa inclusión no proceso de aprendizaxe do alumnado. Este ano traballamos na iniciación e potencialidade do programa de Comunicación Alternativa Grid 3. Hai que destacar o gran interese que esta temática segue causando no profesorado, no noso grupo tamén, o que fixo que volvea a ser moi doado por en práctica todas aquelas propostas que foron xurdindo ao longo do curso.

2 - VARIACIÓNS INTRODUCIDAS RESPECTO DO PROXECTO INICIAL

Non houbo variacións introducidas respecto ao proxecto inicial.

3 – CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Con respecto aos obxectivos que nos propuxeramos inicialmente, estamos conformes. Consideramos a necesidade de seguir a traballar por esta liña, xa que a implementación de diferentes sistemas de comunicación con base tecnolóxica e moi motivadora para o alumnado en xeral e co alumnado TEA en particular.

Na Aula Virtual do centro recollemos e plasmamos as actividades que realizamos co noso alumnado no seminario no que estamos inmersos. Son actividades que perseguen a inclusión plena do noso alumnado a través de diferentes formas de comunicación. Actividades, todas elas, que poden ser aplicadas en calquera outro centro educativo.

3.1 OBXECTIVOS PROPOSTOS

- Orientar ao profesorado cara ao marco de aprendizaxe do alumnado TDAH e TEA e fomentar a integración do alumnado TEA nadinámica do centro escolar.
- Coñecer e empregar diferentes tipos de comunicación SAAC. Os PECs.
- Adquirir un nivel básico no programa GRID 3.

3.2 OBXECTIVOS ACADADOS

Todos os obxectivos propostos foron acadados. As expectativas iniciais sobre o potencial dos SAAC no centro, foron alcanzadas

3.3 OBXECTIVOS NON ACADADOS

Precísase dedicarlle máis tempo ao traballo co programa Grid 3, xa que é unha forma de programar complexa que precisa de moita práctica.

4 – CONTIDOS REALIZADOS E ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

4.1 Contidos desenvolvidos

- Dificultades de comunicación do alumnado TDAH e TEA.
- alumnado TEA e o seu acceso á comunicación.
- sistema de comunicación por intercambio de imaxes (PECS).
- Programa Grid 3.

4.2 Actividades

ACTIVIDADE	INDICADOR	CRITERIO ACEPTACIÓN
Formar ao profesorado na profundización das características do alumnado TEA. Estudo das dificultades máis salientables. Traballar sobre a Teoría da Mente e a Coherencia central.	Identificación dos puntos destacados nas características do alumnado TEA.	Os/as participantes recoñecen as características do alumnado TEA.
Afondar na metodoloxía TEACCH. Aplicación.	A metodoloxía TEACCH como recurso para traballar co alumnado TEA.	O profesorado recoñece a metodoloxía TEACCH e o seu uso na escola.
Crear recursos baseados na metodoloxía TEACCH. Elaborar materiais manipulativos, moi atractivos visualmente e cunha gran carga de motivación para a realización de calquera actividade, incluídas as actividades curriculares.	Elaboración de recursos baseados na metodoloxía TEACCH.	Os/as participantes elaborarán diferentes recursos de tipo TEACCH para favorecer a aprendizaxe do alumnado TEA.
Iniciar o coñecemento do programa Grid 3. Sistema de Comunicación Aumentativo. O Grid 3 é un programa para a comunicación e o acceso. É útil para alumnos que se	Iniciamos o coñecemento de outra forma de comunicación.	Os/as participantes iníciense no coñecemento do Grid 3.

inician na comunicación, usuarios de símbolos que queren desenvolver a linguaxe e tamén para alumnos que poden utilizar o texto.		
Realizar a avaliación do funcionamento do seminario e elaborar a Memoria final.	Posta en común, conclusións e propostas de mellora .	O grupo de traballo recolle nun documento de avaliación final todas as reflexións sobre o aprendido.

- Se se revisa a nosa aula virtual, observarase que as actividades realizadas ao longo do curso son as que reflectimos nesta memoria.
- A primeira actividade realizada foi a **elaboración do proxecto** deste Seminario e que xurdiu despois de reflexionar profundamente sobre que aspectos considerábamos fundamentais para fomentar diferentes formas de comunicación no centro.
- Recibimos **docencia** sobre o programa Grid 3, o seu uso permite a comunicación cara a cara, a comunicación remota mediante teléfono, mensaxería e correo electrónico, a participación en redes sociais, o acceso simplificado ao lecer (música, vídeos...), o control da contorna e o acceso ao computador de forma adaptada ao nivel e necesidades de cada persoa. É posible acceder a todas as funcións de Grid 3, con diversos sistemas de acceso: ratos, teclado, conmutadores, mirada, pantalla táctil... Todas estas opcións, inclúen múltiples formas de personalización para axustarse ás necesidades de cada alumno. Podes licenciar Grid 3 nun dispositivo, coa posibilidade de obter un token adicional se é para uso persoal. Compatible só con dispositivos con sistema operativo Windows.
- **Elaboramos materiais adaptados a metodoloxía TEACCH** entre todo os docentes participantes. Puxemos en práctica todo o aprendido nas sesións anteriores.
- **Adaptamos ao noso centro** as necesidades da **metodoloxía TEACCH**. Elaboramos axendas de anticipación, recunchos de traballo individual, ...

- Iniciámonos nos coñecementos necesarios para a implementación do Grid 3. O programa está organizado por paquetes de cuadrículas que cada docente pode combinar en función dos intereses e necesidades do seu alumnado. O programa ofrece 27 paquetes de cuadrículas por defecto e poden crearse e incorporar moitos máis.

5 – METODOLOXÍA

Desenvolvemos unha metodoloxía práctica e participativa. Utilizando o traballo en equipo para partir de acordos verbais previos e exposicións de ideas.

O traballo en grupo para realizar unha tarefa entre varios compañeiros, sen máis limitacións que a propia entrega da mesma. Adoitamos repartir o traballo “en porcións” para despois unificalo para a entrega final.

Traballamos colaborativamente procurando que cada docente do equipo achegue as súas mellores ideas para a conclusión efectiva da tarefa. Tentando lograr o mellor resultado traballando cooperativamente. Para conseguilo, cada compoñente achegando o mellor de si mesmo, de tal maneira que todos gañan.

A nosa metodoloxía busca intercambiar experiencias ou mellores prácticas. Mellorar a comunicación. Estandarizar as actividades para realizar nas aulas, simplificando os procesos de xestión. Asegurar un proceso visible e controlado, repetitivo, eficiente e predicible. Achegar ferramentas que faciliten a toma de decisións. Mellorar o rendemento dos equipos docentes. Motivar ao profesorado ao comprobar que gran parte do éxito do alumnado está nas súas mans.

As reunións celebráronse baixo un marco de diálogo e abertas a compartir experiencias de todos os membros do grupo.

Combinamos as sesións destinadas ao estudo e análise dos materiais mediante a lectura de documentos específicos (artigos, tutoriais, ferramentas de autor, web 2.0, ...) e a docencia dunha relatora externa, xunto con sesións prácticas para a realización das actividades derivadas do coñecemento adquirido.

En ambos casos, ditas sesións incluíron un tempo para a reflexión en común, a toma responsable e consensuada de decisións e a determinación de tarefas para a súa execución en posteriores sesións de traballo no centro.

6 – ORGANIZACIÓN DE RECURSOS EMPREGADOS E MATERIAIS

6.1 Persoais:

- Contamos co compromiso de colaboración de todos os seus membros.
- Contamos ca docencia de un relator externo.
- Foi necesario o asesoramento dos membros do CFR. e responsables do noso centro.

6.2 Materiais:

Foron precisos os seguintes recursos materiais:

- Ordenadores e cañón proxector.
- Un encerado dixital interactivo.
- Licencia temporal de Grid 3
- Memorias USB.
- Diverso material funxible: papel, cartolinas, ceras, pinturas, plásticos, para por en práctica as sesións e actividades programadas co alumnado.
- Cadernos e carpetas.
- Tóner de impresora a cor para facilitar os documentos escritos elaborados ou necesarios para realizar as actividades programadas.
- Plastificadora, cámara de fotos, escáner...

7 – TEMPORALIZACIÓN

Seguimos a temporalización prevista no proxecto inicial e que foi a seguinte:

DATA	ACTIVIDADE	HORAS	LUGAR
01/12/2021	Estudo e reflexión sobre o proxecto	3	CEIP Manuel Sueiro

13/01/2022	Docencia: Iniciación a Grid 3.	3	CEIP Manuel Sueiro
24/01/2022	Docencia: Experimentando con Grid 3.	3	CEIP Manuel Sueiro
27/01/2022	Docencia: Creando con Grid 3.	3	CEIP Manuel Sueiro
22/02/2022	Os diferentes sistemas de comunicación.	3	CEIP Manuel Sueiro
08/03/2022	Creación de paquetes de cuadrículas Grid 3.	3	CEIP Manuel Sueiro
15/03/2022	Escolma e posta en común de recursos en sistemas de comunicación alternativos e aumentativos.	3	CEIP Manuel Sueiro
29/03/2022	O programa Grid 3 como modo aumentativo de comunicación.	3	CEIP Manuel Sueiro
19/04/2022	A metodoloxía Teacch como complemento as diferentes formas de comunicación alternativas e aumentativas.	3	CEIP Manuel Sueiro
03/05/2022	Avaliación do seminario de formación.	3	CEIP Manuel Sueiro

8 – CRITERIOS E PROCESOS DE AVALIACIÓN EMPREGADOS

Como xa expuxemos anteriormente, a realización deste seminario de formación no centro, tivo para nós un balance moi positivo. Para a súa avaliación realizamos unha avaliación conxunta e outra individualizada

8.1 Avaliación conxunta.

Unha vez compilados e clasificados os materiais deste proxecto, fixemos a valoración do funcionamento e organización do mesmo:

- **O grao de participación e intercambio de experiencias** entre as compoñentes do grupo. Valoramos unanimemente dun xeito moi positivo este apartado xa que o grado de colaboración e participación de todos os membros foi moi alto na práctica totalidade das actividades propostas.

- **O seguimento e a adecuación da temporalización prevista.** Intentamos respectar os tempos establecidos para cada tema e a orde establecida na primeira reunión do grupo. O tempo de traballo en moitas das actividades que realizamos foi escaso, por exemplo, na creación de novas actividades tendo en conta as metodoloxías aprendidas, en todas elas dedicamos moito máis tempo do reflectido nas actas de reunión. En canto á temporalización hai que dicir que a seguimos segundo o proposto no proxecto inicial.
- **O nivel de satisfacción** en relación as estratexias, recursos e técnicas que nos permitan continuar mellorando a coordinación e funcionamento no emprego de SAAC no centro e coa iniciación no Grid 3, entendemos que cubriu as nosas expectativas iniciais.
- **8.2 Avaliación individualizada.**

Para a realización desta actividade cada un dos membros do equipo cubriu unha enquisa de xeito individualizado. **Resultados:**

ENQUISA SOBRE O FUNCIONAMENTO DO SEMINARIO			
Valor das puntuacións para as preguntas da enquisa: MOI POUCO (1) / POUCO (2) / SUFICIENTE (3) / BASTANTE (4) / MOITO (5)			
I.- ÁMBITO INDIVIDUAL : repercusión no propio desenvolvemento persoal e profesional.			
	BRANCO	MEDIA	MODA
O meu progreso no proceso formativo en relación co tema foi	0	5	5
O meu grao de satisfacción co traballo desenvolvido é	0	5	5
A formación acadada repercutiu no meu traballo diario	0	5	5
O compromiso coa miña propia formación foi	0	5	5

VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5
II.- ÁMBITO GRUPAL: repercutiu na mellora da dinámica de traballo en grupo concretamente:			
	BRANCO	MEDIA	MODA
Na mellora de toma de decisións consensuadas	0	5	5
No establecemento dun clima relacional positivo , gratificante	0	5	5
Na mellora de estratexias de traballo colaborativo	0	5	5
No compromiso co grupo	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5
III.- ÁMBITO INSTITUCIONAL: repercusión na mellora da educación que se imparte no centro.			
	BRANCO	MEDIA	MODA
Os acordos e as conclusións obtidas vanse pondo en práctica	0	5	5
Axudou a establecer no centro dinámicas de reflexión e detección de ámbitos de mellora. de forma autónoma	0	5	5
As expectativas de mellora da calidade do ensino no centro, en relación co tema tratado, cumpríronse	0	5	5
Os obxectivos conseguíronse	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5
IV.- O ASESORAMENTO E APOIO POR PARTE DO CENTRO DE FORMACIÓN			
	BRANCO	MEDIA	MODA
Deu resposta ás necesidades do grupo	0	5	5

As estratexias empregadas resultaron adecuadas	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5
V.- A DOCENCIA RECIBIDA <i>resultou</i>			
	BRANCO	MEDIA	MODA
Adecuada para dar resposta ás necesidades do grupo	0	5	5
As estratexias empregadas resultaron adecuadas	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5
ORGANIZACIÓN			
Debería mellorarse:			
Ampliar a formación práctica sobre o emprego da lingua de signos.			
O que estivo ben foi:			
Os contidos traballados. A relatora. A coordinación entre os membros do Seminario. A coordinación coa Asesora do CFR de Ourense.			

9- CONCLUSIÓNS. LOGROS E INCIDENCIAS NO CENTRO

Despois de todo o manifestado ao longo desta memoria, un ano máis só nos queda engadir que nos sentimos orgullosos e satisfeitos do traballo realizado, pois consideramos que foi de moita utilidade para o desenvolvemento da nosa labor educativa en consonancia coas demandas actuais do ensino inclusivo. Ao traballar

en grupo os resultados alcanzados son moito mellores, grazas ás achegas enriquecedoras de todos os membros do mesmo.

Entendemos que a Os Sistemas Aumentativos e Alternativos de Comunicación (SAAC), os novos programas informáticos para a axuda a comunicación (Grid 3) son formas de expresión distintas á linguaxe falada, que teñen como obxectivo aumentar (aumentativos) e/ou compensar (alternativos) as dificultades de comunicación e linguaxe de moitas persoas con discapacidade. Os mestres debemos seguir adquirindo confianza e dominio co traballo destas formas de comunicación para transmitir a nosa experiencia ao alumnado para ensinalos a comunicarse.

O alumnado que ten dificultades de comunicación precisa un medio para poder comunicarse, desenvolver as súas capacidades e participar no mundo que o rodea. O verdadeiramente importante é o proceso de educación, habilitación e asesoramento que debe acompañalos. O proceso de intervención debe empezar por unha avaliación das capacidades, habilidades, necesidades e desexos do alumnado, así como das características, apoios, demandas e restricións da súa contorna. Haberá que seleccionar con moito esmero os produtos de apoio así como as estratexias de acceso e, para usuarios de SAAC non lectores, haberá que realizar unha boa selección do vocabulario signado ou pictográfico que se vai a ir ensinando. Este proceso de avaliación non ha de ser puntual senón continuado ao longo da vida.

A habilitación e o ensino deben dirixirse tanto á persoa como á súa contorna, incluíndo todos os contextos nos que participa ou desexa participar, así como todas as persoas significativas destes contextos, incluíndo profesionais e, sobre todo, familiares, compañeiros e amigos. Este ensino debe levar a cabo en contornas educativas e terapéuticas pero tamén en contornas naturais, nun enfoque de 24 horas que garanta que a persoa se verá inmersa nun bo ambiente de linguaxe, rodeada de interlocutores sensíbles e competentes, e implicada en actividades interesantes e enriquecedoras.

É moi importante que a produción de calquera recurso sexa contrastada na aula e sexa accesible para toda a comunidade educativa.

Asemade, a integración das novas formas de comunicación no ámbito educativo é un proceso individual que cada mestre ten que descubrir por si mesmo, procurando realizala sempre coa axuda de mestres máis experimentados.

Vémonos na obriga de difundir todas as nosas experiencias a través do aula virtual para favorecer que estas boas prácticas axuden á creación de redes docentes que difundan as súas experiencias.

Vistos os resultados acadados, para o próximo curso continuaremos dando forma a este proxecto dentro do PFPP do centro, porque a pesar de que melloramos a aprendizaxe de novas formas de comunicación no centro, agora, debemos ir máis alá e facer que se integren en todo o proceso educativo do noso centro.

10 - RELACIÓN DETALLADA DE MATERIAIS DIDÁCTICOS E DOCUMENTOS QUE SE ENVÍAN

Material en soporte informático

- Todo o traballo realizado ao longo do curso está reflectido na nosa aula virtual nun curso que creamos para o Seminario.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuel sueiro/aulavirtual/course/view.php?id=161>



En Ourense, a 12 de maio de 2022

Asdo: María de la Concepción López Martínez